

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2016.

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Ana Abad López

**Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

**Ausente:**

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dez de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de

27 de outubro de 2016.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) ESCRITO DA A.P.A. DO CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO**

Visto o escrito presentado por D. José Manuel Cancela Seijas como presidente da A.P.A. do Colexio Pedro Caselles Rollán, con domicilio en R/ Agramonte, 23 (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida de 3.500 € pola XGL na súa sesión de data 1/2/2016 para as actividades do Curso Escolar 2016-2017.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no vixente presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 1.050,00 €

#### **D.2) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Josefa Meitín Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (1-4-2016 ó 30-9-2016), iniciada a partir del 2-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rendibilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.
- 2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo

